

UNA QUINTA PORTUGUESA

1520

Avelina Prat, 2025

ESTREA EN NUMAX: 09.05.2025 | V.O.S.E. | TP | 114 min

A desaparición da súa muller deixa a Fernando, un tranquilo profesor de xeografía, completamente devastado. Sen rumbo, suplanta a identidade doutro home como xardineiro dunha quinta portuguesa, onde establece unha inesperada amizade coa dona, penetrando nunha nova vida que non lle pertence.

«Avelina Prat confirma o seu
delicado e preciso cinema
profundamente humanista cun
Manolo Solo descomunal»

Luis Martínez, EL MUNDO



Entrevista con Avelina Prat: «Quería explorar a posibilidade de atopar o teu lugar verdadeiro noutro sitio distinto»

Por Natalia Eseverri

Como creaches ese guión con tantas vertentes? Supoño que con traballo e engadíndolle capas á película. Partía da base dun personaxe que quere buscar a súa vida noutro lugar distinto do orixinal porque sempre pensamos que as nosas raíces son o que máis nos atrapa, pero eu quería explorar esoutra posibilidade de atopar o teu lugar verdadeiro noutro sitio distinto. E facelo a través da suplantación doutra persoa, poder vivir outra vida.

Por que Portugal? Portugal é unha marabilla e encántame. Elixino porque é un sitio moi próximo pero que, con todo, resúltanos moitas veces descoñecido. Tendemos a mirar cara a Europa, cara ao outro lado (Francia, Italia ou Alemaña), e a Portugal sendo tan veciño, ás veces obviámolo un pouco. Tamén me parece un lugar que ten ese punto máximo, e sobre todo un lugar no que cres posible que alguén desapareza.

Nós podemos estar coa nosa vida feita e que, de súpeto, un cambio brutal mude a nosa vida, como o protagonista que debe readaptarse. El emprende unha fuxida, pero ese proceso convértese nunha busca. Iso parecíame moi bonito. Manolo sostén toda a película porque basea a súa interpretación en pequenos xestos que transmiten todo o que lle está a pasar ao personaxe. É moi bonito o traballo que fixo.

María de Medeiros é ese personaxe esperanzador que podemos atopar na nosa vida e que nos axuda a culminar un cambio vital? A min o que me gusta da relación é que non hai nada explícito, non hai ningunha presión, ninguén lle pregunta nada ao outro. Se el quere pode contar o que queira e ela déixalle facer. Ela descobre axiña que el non é un xardineiro, que ten unha ferida e déixalle estar. Ao meu ver iso é moi bonito.

Que lle custou máis a Manolo, aprender o portugués ou a traballar coas plantas? Pois a verdade é que o portugués se lle daba moi ben, deu unhas clases uns meses e dábaselle fenomenal. Na primeira parte o personaxe tiña que ter certa torpeza e iso saíalle ben e aos poucos, con catro instrucións, estaba todo dominado.

Ademais creaches un novo xogo de cartas tan especial que se vai a estender en moitos fogares que gocen da película. A idea é boísima. Non o sei. A min gústame moito esa secuencia. Quería que Amalia tivese uns amigos peculiares, do seu pasado, que son un pouco como amigos pantasma, e que nun momento dado da película integrase ao personaxe de Manolo nesa cuadrilla de amigos desnortados e estraños que ten. E o xogo de cartas, coas súas apostas, fai que se atrevan a dar un paso no seu vínculo e afondar en cadanseu pasado.

Publicado en elarcondenatalia.es